

## **A Cámara promociona o turismo das tres comarcas a través dun grupo de operadores e xornalistas portugueses**

**Ferrol. 20/05/2010.** Un grupo formado por operadores turísticos e xornalistas procedentes de Portugal inicia o vindeiro martes, 25 de maio, un percorrido polos principais puntos de interese turístico das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A Cámara de Comercio, organizadora desta acción, que se inclúe no Plan de Fomento das Exportacións Galegas, retoma así a promoción desta zona como destino turístico para tratar de captar visitantes procedentes doutros países.

Os participantes nesta viaxe de familiarización ou "fam trip" dedicarán o primeiro día da súa estancia a coñecer a cidade de Ferrol cun percorrido en barco pola ría, visitas ao centro da cidade, o Arsenal e a Exposición Nacional da Construción Naval-EXPONAV. Tamén se desprazarán á fervenza do Bellelle e realizarán a ruta do pan en Neda.

Ao día seguinte, o protagonismo corresponde á comarca de Ortegal, con visitas a Estaca de Bares, Agarimo e o Cabo Ortegal. Xa pola tarde percorreren San Andrés de Teixido, a Garita de Herbeira, Cedeira e as praias de Pantín e Valdoviño.

Finalmente, o 27 de maio dedicarase a coñecer a comarca eumesa, con visita ás fragas, ao mosteiro de Caaveiro e á vila de Pontedeume para, xa pola tarde, desprazarse a Santiago de Compostela e asistir á misa de peregrino.

Para a organización deste *fam trip* a Cámara contou coa colaboración da xerencia do Plan de Dinamización Turística de Ferrol-Ortegal e de Euroeume que se encargarán de realizar unha presentación destes destinos e dos produtos e paquetes turísticos que se están comercializando.



## RELACIÓN DE PARTICIPANTES

### **PUBLITURIS**

Xornal fortemente implantado no mercado turístico e hostaleiro portugués desde 1968. Publícase semanalmente e conta con edicións especiais dúas veces ao mes e cunha edición en liña ([www.publituris.pt](http://www.publituris.pt))

### **AXENCIA LUSA DE NOTICIAS**

É a única axencia lusa de noticias de ámbito nacional con participación maioritaria do Estado portugués. Proporciona un servizo informativo a numerosos xornais, radios e canles de televisión portuguesas, así como a axencias informativas dos países africanos de lingua portuguesa e a diversas institucións públicas e privadas.

### **XORNAL PUBLICO**

Fundado en 1990 é hoxe un dos diarios máis influentes de Portugal. Tivo durante algún tempo participacións no seu capital social de empresas de comunicación estranxeiras, como as editoras de *El País* e *La Stampa*. Desde 1995 conta tamén cunha edición en liña ([www.publico.pt](http://www.publico.pt)) e desde 1999 cun servizo autónomo de noticias.

### **CLUBE ABREU**

Fundada no Porto en 1840, é unha das axencias de viaxes máis antigas do mundo sendo, ademais, a empresa de maior dimensión que opera no sector de viaxes e turismo en Portugal, con máis de 120 oficinas.

### **INTERVISA VIAGENS E TURISMO**

Creada en 1962, goza hoxe dun posicionamento privilexiado no mercado nacional e está integrada desde 2006 non Grupo Pestana, Hoteis e Resorts.

### **SOLPLAN**

Delegación en Portugal deste operador de turismo do grupo Orizonia Corporación do que tamén forman parte compañías como Viajes Iberia ou Viva Tours.

